Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das políticas activas necesarias para o impulso da economía de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54972 (10/PNC-004354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis



Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun procedemento que permita corrixir de xeito progresivo a linguaxe sexista en toda a lexislación autonómica vixente

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54986 (10/PNC-004355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das mobilizacións levadas a cabo polo feminismo galego, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co orzamento destinado á loita contra a violencia de xénero, á súa prevención e tratamento integral

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54995 (10/PNC-004356)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desaceleración da economía de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 55006 (10/PNC-004357)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas posibles consecuencias, para o sector marítimo-pesqueiro de Galicia, da eventual saída do Reino Unido da Unión Europea

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 55008 (10/PNC-004358)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa problemática que están a padecer as empresas pesqueiras e do transporte de pavillón galego na franxa existente na fronteira entre Marrocos e Mauritania

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 55013 (10/PNC-004359)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun plan para reducir a contaminación do aire coa colaboración dos colectivos conservacionistas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55016 (10/PNC-004360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos bens públicos espoliados durante a ditadura franquista

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 55021 (10/PNC-004361)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da presentación, diante da Unión Europea, dun plan de recuperación da cigala para o Golfo de Biscaia e augas ibéricas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 55023 (10/PNC-004362)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dun protocolo de actuación obrigatorio para o transporte, na cabina das aeronaves, de calquera tecnoloxía sanitaria indispensable para as persoas usuarias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55025 (10/PNC-004363)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración dun informe respecto do impacto que tiveron para a saúde e o medio ambiente do seu contorno as centrais térmicas das Pontes e de Meirama, así como a refinaría de Repsol na Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55036 (10/PNC-004366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da campaña #EmerxenciaFeminista, avalada polas organizacións feministas de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 55038 (10/PNC-004367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións de seguridade e de mantemento nas que se atopan as tres vivendas do Instituto Galego de Vivenda e Solo sitas nas rúas Rosalía de Castro e Fernández Victorio no concello de Viveiro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55044 (10/PNC-004368)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir as condicións de seguridade e o estado de conservación do castelo de Navia de Suarna
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55046 (10/PNC-004369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 55051 (10/PNC-004370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre a presentación polo Goberno galego dun programa integral de impulso ao investimento en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 55076 (10/PNC-004371)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de actuación específico contra o proceso de desertificación do solo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55093 (10/PNC-004372)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa posible venda de Ferroatlántica e as intencións da empresa de segregar as plantas e as centrais hidroeléctricas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 55100 (10/PNC-004373)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lingua requirida na convocatoria do Certame Arquímedes para a presentación de traballos de investigación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55104 (10/PNC-004374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de mantemento e conservación no que se atopa a ponte medieval de Pontesampaio sobre o río Vedugo e que une os concellos de Soutomaior e de Pontevedra

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 55113 (10/PNC-004375)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia dun plan de xestión do xabril, así como a información das iniciativas e demandas que veñen realizando ao respecto os seus representantes na Conferencia Estatal Sectorial de Agricultura

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 55118 (10/PNC-004376)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avaliar a posibilidade de implantar métodos non letais para o control da fauna silvestre, así como para previr os accidentes que causa na rede viaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 55122 (10/PNC-004377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demora existente no remate das obras de reforma do IES Ramón Cabanillas, de Cambados

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55133 (10/PNC-004378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal dos centros residenciais dependentes da Consellería de Política Social e a suspensión do artigo 19 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55138 (10/PNC-004379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación do Museo arqueolóxico galaico-romano no edificio do antigo Cuartel de San Fernando, na cidade de Lugo e a súa xestión

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55145 (10/PNC-004380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de garantir o dereito das persoas galegas a concorrer no Certame Arquímedes ou calquera outra convocatoria dese tipo, con proxectos, estudos ou investigacións realizados na lingua propia de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 55154 (10/PNC-004381)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da planta de Alcoa en San Cibrao e as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto das necesidades da industria electrointensiva de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 55179 (10/PNC-004382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa mobilización mundial en defensa do clima convocada para o 27 de setembro e a organización de actividades de sensibilización da poboación, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55188 (10/PNC-004383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de preservación, bo uso e garantía do abastecemento dos recursos hídricos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55195 (10/PNC-004384)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a as actuacións que debe levar a cabo para evitar a precariedade do mercado laboral

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55198 (10/PNC-004385)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a realización polo Goberno galego dunha campaña de inspección específica respecto dos falsos traballadores autónomos no mercado laboral

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55202 (10/PNC-004386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a recuperación polo Goberno galego do programa de préstamo universal de libros de texto

Comisión 4ª, Educación e Cultura



1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 55120 (10/CPP-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario Mixto

Da Sra. conselleira de Política Social, por petición do G. P. dos Socialistas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. Mixto, para dar conta da situación das residencias de maiores da Xunta de Galicia e explicar os recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galicia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 54941 (10/CPC-000119)

Grupo Parlamentario Mixto

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Dos membros do grupo de expertos, por petición do G. P. Popular de Galicia, do G. P. dos Socialistas de de Galicia, do G. P. de En Marea, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. Mixto, para que expoñan o Informe elaborado sobre incendios forestais conforme o disposto na recomendación número 60 do ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Jaime Castiñeira Broz, M^a Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

As factorías coas que a multinacional Alcoa conta la localidade cervense de San Cibrao (para a fabricación de alumina e aluminio) teñen un carácter estratéxico por canto constitúen o principal motor económico e laboral da Mariña lucense e un dos máis importantes da nosa provincia, onde incluso representa o 30% do seu Produto Interior Bruto (PIB).

Estamos a falar da principal fonte de emprego directo para máis de 1.100 familias de traballadores do complexo, aos que teríamos que engadir os empregos indirectos que



xera Alcoa na costa lucense, tanto nas empresas auxiliares, como en sectores como o de servizos e hostalería (calcúlase un total no entorno a 5.000 postos de traballo).

Un dos principais factores que afectan á competitividade e futuro desta compañía ten que ver co custe da enerxía eléctrica, xa que logo para transformar a alumina en aluminio é preciso un proceso de electrólise que precisa de moita demanda enerxética. Só Alcoa San Cibrao ten un consumo equivalente a 30.000 fogares.

A factura eléctrica representa un dos gastos máis importantes da conta de explotación da factoría e os elevadísimos incrementos do prezo que están a ter lugar nos últimos meses poñen en risco a viabilidade e futuro deste complexo industrial, sen que o Goberno central adopte as medidas ás que se comprometeu, entre elas, a aprobación do Real Decreto que incorpora o Estatuto de Consumidores Electointensivos.

Esta ferramenta normativa debe establecer unha combinación de medidas, primas, subvencións e descontos, que protexan a competitividade das empresa altamente dependentes da enerxía abaratando o custo final do subministro, unha variable especialmente necesaria, para empresas que compiten nun mercado global. Neste momento o prezo da electricidade en España é moi caro, un 50 % máis que en Alemaña ou Francia.

Con todo, o borrador deste Real Decreto presentado o pasado mes de marzo polo Ministerio de Enerxía e Transición Ecolóxica non foi satisfactorio para ninguén, porque recortaba o sistema de apoio actual, e non incorporaba as demandas do sector. A Xunta de Galicia validou e presentou coas empresas electrointensivas as alegacións para que o futuro estatuto incluía as propostas de Galicia sen que, ata o de agora, obter cumprida resposta.



Non é a primeira vez que na factoría lucense existen tensións como consecuencia do prezo da electricidade, pero nesta ocasión a situación é moito máis grave derivada da inactividade do Goberno central ou de decisións políticas como as que desde o Executivo estatal cuestionan o futuro das empresas produtoras de enerxía (térmicas, de carbón, nucleares) sen alternativas viables a prezos competitivos.

A situación actual contrasta co acontecido durante os sucesivos Gobernos do Partido Popular, que sempre intentaron buscar a mellor solución posible en apoio da industria electrointensiva: con negociacións ao máis alto nivel entre o daquela presidente Rajoy e o presidente internacional de Alcoa, co establecementos de medidas de apoio como as poxas por interrumpibilidade ou a compensación por custes indirectos do CO₂, ou a construción do gasoduto da Mariña que abaratou de xeito significativo o custe enerxético da factoría mariñá.

Ademais a día de hoxe, a situación vese agravada tendo en conta que a multinacional advirte que o mantemento dos prezos actuais non permiten a produción aluminio en condicións competitivas e que lle levou a adoptar decisión inauditas, como a venda das factorías emprazadas na Coruña e Avilés ou a decisión de recortar a produción e pechar a actividade de 32 cubas na factoría de San Cibrao.

Cómpre lembrar tamén que o Pleno da Deputación de Lugo, a proposta do PP, xa aprobou con anterioridade varios acordos, con carácter de declaración institucional, aprobados por unanimidade con datas 31 de maio de 2016, 30 de outubro de 2018 e 26 de marzo de 2019.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno, en apoio da competitividade e futuro dos empregos nas factorías que a multinacional Alcoa ten en San Cibrao (Cervo):

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandarlle:

- 1º.- Realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao (Cervo).
- 2º.- Garantir un marco enerxético estable e competitivo e aprobar, de xeito inmediato, o estatuto de apoio ás empresas electrointensivas, no que se incorporen as alegacións presentadas en conxunto pola Xunta de Galicia e as compañías galegas”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2019 14:03:59

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2019 14:04:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/09/2019 14:04:35

Maria Antón Vilasánchez na data 06/09/2019 14:04:46

Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2019 14:05:01

Moisés Rodríguez Pérez na data 06/09/2019 14:05:17

Marta Novoa Iglesias na data 06/09/2019 14:05:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55264
Data envío: 06/09/2019 14:09:49.191

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/09/2019 14:05:47

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/09/2019 14:06:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/09/2019 14:06:24

Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2019 14:06:45

Jaime Castiñeira Broz na data 06/09/2019 14:07:04

María Julia Rodríguez Barreira na data 06/09/2019 14:07:27

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/09/2019 14:07:42

Paula Prado Del Río na data 06/09/2019 14:08:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGNeRdmiz6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Teresa Porritt Lueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos.

O modelo de financiamento autonómico é un factor decisivo para o benestar e progreso da comunidade autónoma de Galicia. Determina en boa medida o nivel de actividade que o goberno galego pode desenvolver de xeito sostible, ben directamente, pola asignación de recursos, ou ben indirectamente, pola asignación de instrumentos e capacidades tributarias. Por tanto, estamos referíndonos á oferta sanitaria, educativa ou de centros sociais da comunidade autónoma; dos medios materiais da xustiza, das infraestruturas, do soporte á actividade produtiva.

O modelo aprobado en 2009, con vixencia desde o 1 de xaneiro dese ano, incorporaba una revisión aos cinco anos (2014), que foi postergada polo goberno de España pola situación global das finanzas públicas e polas repercusións do desafío dunha parte da sociedade catalá (e os seus representantes políticos) á orde constitucional. Despois do Informe da Comisión de Expertos seguimos na mesma situación.

Podemos caracterizar ao modelo actual con dous trazos básicos:

1. É un modelo que, de xeito imperfecto pero potente, atende ás necesidades de gasto máis que ás capacidades tributarias. Incorpora un forte compoñente redistribuidor e, por tanto, de igualación no tratamento dos cidadáns no territorio.

Na determinación das necesidades xa ten en conta elementos de custe, como a dispersión, e de demanda, como o avellentamento poboacional, á hora de definir as necesidades. Con ponderacións que reflicten, aínda que sesgadamente, o peso das diversas funcións de gasto.

2. O modelo garante una certa autonomía tributaria ás comunidades, aínda que de xeito moi desigual entre elas. As comunidades de réxime común



teñen capacidade normativa sobre os impostos cedidos tradicionais e o IRPF; e capacidade de xestión tributaria en boa parte dos impostos cedidos tradicionais. Ademais dun espazo tributario propio.

Non se trata dun modelo perfecto. É mellorable, tanto en termos de equidade – existen diferenzas entre comunidades que non se explican polas necesidades de gasto calculadas- como de reforzo da autonomía financeira das comunidades. Pero non debemos descoñecer que Galicia está así en segunda posición nas necesidades de gasto por habitante, só superada por Castilla y León, con aproximadamente 108 habitantes axustados por habitante.

Durante os seus anos de vixencia, coincidentes coa crise económica máis intensa das últimas décadas, as comunidades autónomas experimentaron un grave problema de suficiencia, debido á acusada caída da recadación en contraste coa notable rixidez á baixa do gasto das comunidades. Este problema agravouse pola intención do goberno central, singularmente a partir de 2012, de centrar o axuste necesario na caída do gasto e pola asignación dunha proporción do déficit autorizado á administración central superior á súa participación no gasto consolidado.

Levamos demasiado tempo agardando porque se aborde a reforma en profundidade do modelo vixente. E nos últimos anos puxéronse de manifesto algunhas deficiencias do modelo que comprometen o normal funcionamento financeiro das comunidades.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia:

- 1) Insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que a reforma do modelo de financiamento autonómico agora vixente sexa considerada coa máxima prioridade na axenda gobernamental, una vez constituído un novo Goberno.



- 2) Reitera a necesidade de ter en conta os criterios xa aprobados polo Parlamento de Galicia na actual lexislatura, insistindo ademais:
- a) Na necesidade de revisar o procedemento de determinación e xestión das entregas a conta, para axustalas mellor á evolución da recadación, reducindo o peso das liquidacións e facelas máis automáticas.
 - b) En que debe establecerse un sistema de participación das comunidades autónomas nas decisión tributarias sobre aqueles impostos nos que comparten as bases (IVA e Impostos especiais) coa administración xeral do estado, evitando que decisión discrecionais desta afecten á liquidez ou financiamento das comunidades.
 - c) En que no IRPF as comunidades poidan ter capacidade normativa sobre as retencións.
 - d) En que a reforma debe incorporar una revisión dos desequilibrios verticais entre as comunidades autónomas de réxime común e a Administración central do Estado.”

Pazo do Parlamento, 30 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Teresa Porritt Lueiro

Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/08/2019 13:00:59

María Teresa Porritt Lueiro na data 30/08/2019 13:01:12



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Teresa Porritt Lueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A actualización das entregas a conta e a solución ao problema do IVA desprazado son medidas que se enmarcan no funcionamento normal do estado das autonomías. Defendemos que a comunidade autónoma de Galicia poida dispoñer destes recursos para afrontar os gastos necesarios nos servizos públicos e imos a topar sempre para iso.

Esta situación afecta ao conxunto das comunidades autónomas de réxime común e non hai por tanto ningunha conxura contra Galicia. Están tamén afectadas aquelas comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista.

Polo tanto, esa idea que a Xunta de Galicia traslada de que hai unha especie de manobra política para prexudicar aquelas comunidades que son doutra cor non parece que teña nada que ver coa realidade.

En relación cosas responsabilidades, no proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 que non foi aprobado e que dou lugar a convocatoria de eleccións estaban incluídos unhas previsións orzamentarias que permitirían a Xunta de Galicia a través das entregas a conta cumprir coas súas previsións orzamentarias. Os que votaron en contra daquel orzamento provocan estes efectos. ¿Como resolver a financiación das comunidades autónomas en relación con esa diferenza entre as entregas a conta comunicadas e as entregas a conta que efectivamente se realizan en cumprimento das previsións da lei?



O desprazamento dunha mensualidade do IVE foi ocasionado por unha modificación do regulamento do IVE impulsada polo ministro Montoro. E na lei de orzamentos de 2019 non aprobada, había unha solución que permitía resolver este tema para o futuro, e polo tanto, había unha solución favorable as súas pretensións. E de novo foi a non aprobación desa lei de orzamentos o que nos trae esta situación.

¿E posible regularizar as entregas a conta co Goberno en funcións? A avogacía do Estado asegura que non en función do que está recollido na lei dentro da acción permisible para un Goberno en funcións ¿Pode haber outras fórmulas? Se as hai, aplíquense. Pois non hai ningún impedimento político, o que hai é un impedimento de carácter legal.

Por iso nós dicimos que a mellor maneira de resolver este problema é ter en conta esta circunstancia e pedir que sexa o goberno efectivo, unha vez que se produce a investidura dun Presidente de Goberno en España.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España que se constitúa unha vez elixido presidente do Goberno polo Congreso dos Deputados:

- Que impulse, a través dos instrumentos legais oportunos, a modificación do Regulamento do IVE (RD 1624/19992, de 29 de decembro, art. 71.4, modificado polo RD 1075/2017), para que con vixencia indefinida a declaración-liquidación correspondente ao mes de novembro sexa presentada nos 20 primeiros días naturais do mes de decembro.
- Que impulse, mediante os instrumentos legais oportunos, unha solución para que as CCAA perciban, no exercicio 2019, a mensualidade do IVE correspondente á declaración-liquidación de 2017, que en Galicia ascende a 198 millóns de euros.



- Que impulse, mediante os instrumentos legais oportunos, unha solución para que as entregas a conta por IRPF, IVE e Impostos Especiais ás comunidades autónomas non se vexan afectadas á baixa pola prórroga orzamentaria para 2019, o que supón para Galicia 331,93 millóns de euros.”

Pazo do Parlamento, 30 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Teresa Porritt Lueiro

Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/08/2019 12:58:23

María Teresa Porritt Lueiro na data 30/08/2019 12:58:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai en Galicia un sector que todos denominamos Horta que dependendo das zonas e dos cultivos, utiliza invernadoiros. Ir ó concello e inicia-los trámites para a instalación dun invernadoiro pode se-lo principio dun longo quebradeiro de cabeza. Todo depende do técnico de turno e da súa interpretación da normativa vixente.

Porque os servizos de urbanismo e intervención dos concellos poden consideralo coma unha instalación ou unha construción sendo en ambos casos o mesmo invernadoiro.

De ser considerado unha instalación deberá presentar unha Memoria Descritiva, é dicir, non ten por que ser un proxecto técnico visado e pasa cunha valoración total sen desglose. Faise unha comunicación previa e ...vaille dando... porque en 15 días resolven. A non ser, claro que se requira informe sectorial (Adif, Estradas, Augas, Patrimonio, Camiño de Santiago...) daquela xa estaríamos metidos en sarillos.

De ser considerado polos servizos técnicos coma unha construción, deberá solicitar licenza de obra cun proxecto visado ademais do informe favorable de tódolos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sectoriais, e claro, aquí xa non se lle pode ...ir dando... e agora son xa 6 meses de agarda como mínimo para que llo resolvan.

Esta é a disparidade de criterios así a groso modo con que se atopan aquelas empresas, SATs ou agricultores que teñen actividade en parcelas ubicadas en diferentes municipios constatándose nalgúns deles que en vez de facilitar unha actividade hoxe en día esencial para a fixación de poboación e activación económica no medio rural, máis ben todo son impedimentos formais coma se dunha actividade perigosa se tratase.

Por outra banda, a problemática dos invernadoiros en Galicia reviste características propias que deberan ser abordadas polo goberno galego en conxunción con representantes do sector.

O parque de invernadoiros en Galicia conta na actualidade cunha antigüidade de máis de 20 anos en xeral, os plásticos usados aquí son os que veñen de Almería e non se adaptan ás condicións dos nosos cultivos nin das nosas condicións climatolóxicas.

Outro dos problemas é a altura máxima (7 m.) que non é suficiente para poder diminuír o uso de pesticidas.

Esta e outras problemáticas das que non é consciente a Consellería de M. Rural deberían ser abordadas co sector para darlles solución e facilitar a actividade agraria.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Toma-las medidas necesarias para unificar criterios en canto á interpretación da lei vixente nos concellos no que atinxe a tramitación de licenzas de instalación de invernadoiros para cultivos de horta.

--Que esta interpretación da lei priorice a adecuación da mesma ós intereses de reforzamento e expansión da actividade agraria.

--Que a Consellería estableza os contactos necesarios para tomar conta das problemáticas do sector ou sectores que usan invernadoiros e que arbitre as medidas oportunas que favorezan esta actividade esencial no rural galego.”

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 13:03:07

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 13:03:18

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 13:03:27

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 13:03:34

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 13:03:43

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 13:03:50





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Un ano máis, a Consellería de Sanidade valora con falso entusiasmo os datos que publica nas listas de agarda de carácter estrutural, omitindo como xa ven sendo normal, todos aqueles datos que teñen que ver coas listas de carácter non estrutural e que amosan as verdadeiras listas de espera das que adoece Servizo Galego de Saúde.

Con todo, nos datos oficiais publicados, traballadores a Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública xunto con traballadores do Complexo Hospitalario de Santiago, observan un aumento na espera no Complexo Hospitalario de Santiago que dista moito das valoracións positivas e de autosatisfacción que manifesta a Consellería.

Por pñer varios exemplos, produciuse un aumento na espera do diagnóstico por imaxe, unha cuestión da que se leva avisando durante toda a lexislatura e na que o retraso en probas diagnósticas como os TAC, concretamente cun incremento dun 38.6%, poden producir un gran impacto para a saúde.

Ademais, prodúcese tamén un incremento da espera nas primeiras consultas das especialidades, o que supón que aumente a espera de 15 das 30 xa existentes, destacando o da obstetricia que supón un 218,6%, unha cuestión que debe ser valorada en global respecto a asistencia sanitaria á muller, xa que tamén aumenta a espera media para xinecoloxía ou eco de mama.





Unha mala xestión e planificación que non apunta a mellorar e que repercute negativamente na calidade asistencial do noso Sistema Público.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar de xeito progresivo os servizos do Complexo Hospitalaria do Santiago cos medios materiais e de persoal necesarios para a diminución das listas de agarda, sen necesidade de derivacións á privada.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Portavoz do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/08/2019 13:50:10



José Manuel Lago Peñas na data 30/08/2019 13:50:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

2017 deixounos varios avisos. Un deles foi o episodio incendiario de outubro, outro, a seca sufrida en todo o País.

O nivel dos ríos chegou a ser tan baixo que en moitos núcleos rurais tiñan que corta-lo subministro varias veces no día. Houbo concellos nos que foi preciso levar auga a casas e granxas. Vigo pola súa parte advertiu que só tiña existencias para arredor dun mes.

Un país coma o noso onde manaciais, fontes, regatos e ríos eran tan abondosos; onde chovía a maior parte do ano; onde o ceo gris era o habitual... comeza a darnos períodos cada vez máis frecuentes de alteracións climáticas que poden poñer en perigo o habitual equilibrio natural que nos é coñecido.

No rural, a actividade económica asentada na terra, a agrogandeiría, ten unha dependencia sobranceira da auga. Expertos nestes temas e en ambientalismo hai anos que alertan da necesidade de ir pensando con celeridade en que, neste país da auga, en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moitas partes del, os cultivos forraxeiros, principalmente o millo, han ter que pasar a utilizar regadío de querermos ter colleita.

Xa non digamos as necesidades das explotacións intensivas de vacún, aves ou porcos. Unha vaca de alta produción supera os 100 litros de auga de consumo diario só para beber. Os cultivos de horta sexan baixo cuberto ou non, teñen a auga coma elemento imprescindible para o seu normal desenvolvemento e necesita ser tratado coma un sector que deba estar en expansión para a dinamización económica e xestión do territorio..

Galicia non é, por outra banda un territorio uniforme nin climática nin hidrolóxicamente, e polo tanto abordar a máis ca probable escaseza, por períodos, de auga, terá de ser feito con prudencia e atendendo ás características de cada zona.

Ata o de agora, abundancia de mananciais, fontes e pozos de barrena, xunto ó reparto tradicional das augas que regaban por quendas terreos e propiedades facían que o abastecemento de moitos núcleos rurais se fixese por medio de traídas veciñais ou particulares. Pero as necesidades cada vez maiores das novas explotacións gandeiras, as esixencias legais de auga sanitaria e a contaminación crecente de augas subterráneas, regatos e ríos sitúa o problema nun plano máis delicado que esixe previsións e adecuacións legais a estas realidades.

A futura Lei de Medidas de Garantías do Abastecemento en episodios de Seca ou Risco Sanitario prevé que os concellos de máis de 20.000 habitantes elaboren un Plan de Actuación diante de períodos prolongados de seca pero unha vez máis o goberno galego esquece o rural e a súa realidade social e económica. Porque á realidade do cambio climático hai que lle sumar unha sobreexplotación de acuíferos por medio de pozos de barrena e un aproveitamento anárquico dos mesmos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Faise, pois, necesario, que os concellos pequenos, con presenza importante de explotacións gandeiras e agrarias fagan ademais das previsións e adecuacións necesarias para garantir o subministro de auga á poboación en períodos de seca continuada, previsións para garantiza-la permanencia das explotacións agrogandeiras piares fundamentais no tecido socioeconómico do rural.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

--Toma-las medidas oportunas para que os concellos rurais elaboren un Plano de Prevención e Actuación en períodos prolongados de seca para que teñan abastecemento de auga as explotacións gandeiras e agrícolas.

--Dotar de cobertura económica ós concellos para os estudos necesarios na súa elaboración.

--Establecer liñas de axudas para estimular entre os gandeiros e agricultores a modernización dos abastecementos de augas privados con criterios de racionalización e aproveitamentos óptimos dos recursos.

--Manter contactos con estes sectores para estudar as reformas legais necesarias para facilita-lo establecemento de medidas de aproveitamento e acopio de auga en previsión de períodos de seca.

--Promover campañas de concienciación nestes sectores sobre o uso racional da auga e a necesidade de mante-los acuíferos libres de contaminación.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 13:53:09

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 13:53:17

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 13:53:23

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 13:53:30

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 13:53:38





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 13:53:46



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Teresa Porritt Lueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

No exercicio 2017 compoñían o inventario de entes instrumentais dependentes da Comunidade Autónoma 115 entidades, das que 38 eran Fundacións, 22 Entidades mercantís, 20 Consorcios e 11 Axencias. Xestionaban, excluindo ao Sergas, un 15 % aproximadamente do orzamento consolidado da Xunta de Galicia, do que un 40 % (un 6 % dos recursos totais) correspondía ás Axencias.

O Consello de Contas vén de presentar o Informe sobre os entes instrumentais correspondente ao exercicio de 2017. Nel se recollen insuficiencias, deficiencias e problemas que empanan o funcionamento dos citados entes, así como unha avaliación do grao de cumprimento de recomendacións previas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aplicar con dilixencia e máxima efectividade as recomendacións do Consello de Contas do Informe sobre entes instrumentais do exercicio 2017 e os pendentes de aplicar de exercicios anteriores, para garantir a homoxeneización contable, a transparencia, o control, a avaliacións sistemática e a adecuación a obxectivos.”

Pazo do Parlamento, 2 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia
Teresa Porritt Lueiro
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/09/2019 10:42:20

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:45:23
Nº Rexistro: 54797
Data envío: 02/09/2019 10:45:23.792

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/09/2019 10:42:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os propietarios de vivendas de protección autonómica situadas no Edificio Isla Esmeralda, en Noia, veñen denunciando as deficiencias construtivas que afectan gravemente as súas vidas dende hai máis de 10 anos.

A veciñanza reclama á Promotora Toarinco de Inversiones SL que arranxe ditas deficiencias ao que esta se vén negando sistematicamente.

Así, veciños e veciñas recorreron á vía xudicial onde a xustiza lle veu dar a razón aos propietarios das vivendas e, en sentenza ratificada na Audiencia provincial, se decreta a obriga da promotora de arranxar as deficiencias.

A pesar disto a promotora nada fixo e a situación segue igual, tendo a veciñanza que facerse cargo de arranxos que por sentenza debería sufragar a promotora.

Dáse a particularidade que a vivenda ten a cualificación de vivenda de protección autonómica e, polo tanto, someteuse ao procedemento de cualificación fixado na lexislación do momento e percibiu as axudas e vantaxes correspondentes, ligadas estas axudas ao cumprimento da lexislación.

Polo tanto o Goberno galego, ademais de velar polos dereitos de veciñas e veciños, debe de garantir que os recursos públicos son utilizados conforme a lei para acadar os obxectivos pretendidos.





De aí deriva a responsabilidade da Xunta de Galicia neste tema que debe de asumir tomando cartas no asunto e investigando a situación por si tivese que tomar medidas.

Por todo o exposto o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Tomar as medidas e accións necesarias para garantir os dereitos de veciñas e veciños do Edificio Isla Esmeralda, propietarios de vivenda de protección autonómica, recoñecidos por sentenza.
- 2) Verificar o procedemento de cualificación da vivenda de protección autonómica para comprobar o cumprimento da lei por parte da administración autonómica, local e do promotor.
- 3) En caso de incumprimento por parte do promotor, demandar a devolución das axudas e vantaxes concedidas pola súa cualificación como vivenda de protección autonómica.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Portavoz e deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 02/09/2019 11:22:34

Marcos Cal Ogando na data 02/09/2019 11:22:45



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 1 de maio de 2017 a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias emitiu un informe negativo sobre o proxecto promovido pola empresa ERIMSA de extracción de seixo, nos concellos de Frades e Mesía.

O informe era moi contundente e deixaba ben claro a incompatibilidade da actividade mineira proposta coa actividade agrícola e gandeira maioritaria na zona.

Manifestábase con rotunda claridade no informe preceptivo:

“Esta Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias non pode por máis que pronunciarse en contra do proxecto sinalado, ao considerar que os importantes efectos negativos que se causarían sobre a produción agrogandeira da zona, afectarían gravemente aos concellos de Mesía e Frades, por ser esta un alicerce fundamental da súa actividade económica, social e cultural, manténdose a devandita afectación negativa no tempo tras o remate das actuacións”.

“É por iso que desde a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias rexeitamos o proxecto con rotundidade, e recomendamos que non se permita a realización dos traballos referidos”.

Tamén subliñaba que nas parcelas afectadas pola mina investíranse millóns de euros (20 millóns, só en Mesía) en concentracións parcelarias e outros 608.000





euros en axudas ás industrias agroalimentarias e para a comercialización dos seus produtos.

Por iso vemos con sorpresa e desagrado a aprobación da concesión mineira 7138 mediante a resolución do Director Xeral de Enerxía e Minas, na que consta un cambio no informe da nova Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, nas que se rectifica o informe anterior por unhas medidas parciais e insuficientes, como son a exclusión das leiras de agricultura ecolóxica e a imposibilidade da expropiación forzosa.

Estas medidas non son suficientes para preservar os valores agrolóxicos dos solos dunha das zonas máis gandeira de Galiza, pois non preservan os solos que neste momento non están a ser utilizados para gandería ou agricultura pero que teñen potencial para ter ese uso no futuro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a anular a resolución pola que se aproba a concesión da explotación mineira derivada do permiso de investigación Xanceda 7138 por ser incompatible coa preservación da actividade gandeira da zona e da calidade agronómica dos seus solos.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019.

- 1.- Inspeccionar a estrutura do Castelo de Navia, segundo o disposto no artigo 40 e ss. Da Lei 5/2016 e levar a cabo as actuacións necesarias para a seguridade física das persoas, turistas, propietarias de vivendas, etc., así como a protección do propio inmovible, en colaboración interadministrativa.
- 2.- Obrigar as propietarias do Castelo de Navia a realizar as actuacións de conservación e reparación que sexan necesarias e con carácter urxente, segundo o establecido no artigo 32 e ss. da Lei 5/2016.

Santiago de Compostela, 4/9/2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal.
Deputada, deputados e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/09/2019 13:49:03

David Rodríguez Estévez na data 04/09/2019 13:49:08

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2019 13:49:15



Francisco Casal Vidal na data 04/09/2019 13:49:28



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No seu último informe “La calidad del aire en el Estado español”, que recolle datos do ano 2017, Ecoloxistas en Acción denuncia que “a contaminación do aire é un asunto moi grave, que causa ata 30.000 mortes prematuras no Estado español, cada ano; quince veces máis que os accidentes de tráfico”. Non se trata, polo tanto, dun risco abstracto, senón dunha ameaza concreta que o Goberno galego tería que tomar moi en serio, xa que “a totalidade da poboación galega respira un aire prexudicial para a saúde segundo as recomendación da OMS”.

O estudo de Ecoloxistas en Acción compila “os datos de 55 estacións de control da contaminación, pertencentes ás redes da Xunta de Galicia, dos Concellos de A Coruña e Ourense, de EMEP/VAG/CAMP, dos portos do Estado de A Coruña, Ferrol e Vigo e de distintas instalacións industriais”. A investigación conclúe que “en Galicia os contaminantes que máis incidencia presentaron no 2017 foron as partículas PM₁₀ e PM_{2,5}, o dióxido de xofre e o ozono troposférico”. Ditas partículas “afectaron principalmente aos núcleos urbanos de A Coruña, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo. En todos rexistráronse superacións dos valores medios anuais e diarios recomendados pola OMS para ambos contaminantes”.



Ademais, “rexistráronse superacións da concentración media diaria de dióxido de xofre (SO₂) recomendada pola OMS en varias estacións do territorio galego, situadas en lugares próximos a grandes industrias e portos”. “Os peores niveis de SO₂ tiveron lugar na estación situada ao sur da fábrica de cementos de la empresa Cementos Cosmos SA, en Oural, Sarria, con 98 superacións do valor diario (un de cada catro días ao ano)”.

O informe destaca, así mesmo, “os elevados niveis de dióxido de nitróxeno (NO₂) detectados no porto de A Coruña, excedendo con 72 µg/m³ o valor límite anual, establecido pola lexislación para este contaminante en 40 µg/m³. Evidénciase así un problema que podería estar afectando á calidade do aire das áreas residencias máis próximas á Coruña”.

Por último, subliñase que “para a elaboración deste informe só se dispuxo da información sobre os niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) e metais pesados (arsénico, cadmio, níquel e chumbo), cuxa avaliación é obrigada, nas estacións de Riazor, Torre de Hércules (A Coruña), Lugo e Ourense. Na primeira, alcanzouse o obxectivo legal establecido para o canceríxeno benzo(α)pireno en 1 ng/m³, a segunda peor situación durante 2017 en todo o Estado español. En Ourense sextuplicouse a recomendación da OMS con 0,86 ng/m³ sobre os 0,12 ng/m³ de referencia, así mesmo desbordada na Torre de Hércules e Lugo”.

O informe conclúe que os catro principais focos de contaminación en Galicia son: algunhas grandes industrias, as centrais termoeléctricas de carbón, o tráfico marítimo e o tráfico rodado das grandes urbes”.



Ante esta situación, dunha gravidade extraordinaria para a saúde e a contorna natural, a entidade Ecoloxistas en Acción solicita:

- Que o Goberno da Xunta se esforce por mellorar a información da calidade do aire en Galicia, xa que “a páxina web autonómica de calidade do aire non ofrece dato en tempo real das 35 estacións das redes industriais e portuarias nin das 4 redes municipais e so permite a descarga de datos horarios históricos para seguir a evolución da contaminación do aire en períodos máximos dun mes”.
- Que cumpra coa obriga legal de avisar á poboación no caso de que se volva superar o limiar de alerta de ozono, como xa aconteceu en Noia e en O Saviñao.
- Que incremente as medicións dos niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP), relacionados coa queima de carbón e biomasa, así como adoptar medidas de redución das emisións.
- Que corrixa o Plan de Mellora da Calidade do Aire de A Coruña, aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2011, xa que se demostrou co tempo a súa ineficacia.

O Goberno da Xunta de Galicia, por responsabilidade, debería asumir de inmediato estas esixencias.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



- Impulsar un plan urxente para a redución da contaminación do aire, contando coa colaboración dos colectivos conservacionistas.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 12:52:45

Antón Sánchez García na data 04/09/2019 12:52:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O verán de 2019 será recordado como un verán negro. No que vai do seu transcurso, os telexornais enchéronse de asasinatos machistas, con moitos titulares que din que as mulleres aparecen mortas, non asasinadas. A realidade é que o pasado mes de xullo, cada dous días, unha muller foi presuntamente asasinada.

Por iso os movementos feministas xa non falan de alerta, falan de emerxencia feminista. Pais que asasinan aos seu fillos e fillas para causar o maior dos sufrimentos. Pederastia, trata, desaparicións, asasinatos, chantaxes, extorsión, ameazas, acoso, agresións, abusos, manadas ou violacións están á orde do día.

O feminismo, toda a sociedade implicada coa loita pola igualdade das mulleres e, por suposto, as propias mulleres están cansos de ter que se acostumar a unha situación de agarda, de que as mulleres sexan tratadas inxustamente, convivindo coa violencia, coma cidadáns de segunda. Non se pode seguir normalizando esta situación, non se pode seguir condenando ás mulleres a convivir co terrorismo machista. Un terror que se mete en cada recuncho do noso día a día, coa dúbida constante de quen será a seguinte. Fáltannos as máis de mil mulleres asasinadas dende o ano 2003, fáltannos todas as que non foron contadas, todas as que xa non están. Só no pasado mes de xullo, 13 mulleres e unha menor foron asasinadas.

Vémonos na obriga de apoiar a reivindicación da campaña *#EmerxenciaFeminista* promovida en Galicia, entre outras, polas organizacións de mulleres: Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia, Rede Galega pola Igualdade, Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega, Sociedade Galega de Sexoloxía, Soño de Lilith, Teenses pola igualdade, Foro feminista Maruxa Mallo, Asociación Viúvas Demócratas



de Vigo, Colectivo Feminista Pontevedra, Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, así como a agrupación Comando Igualdade e outras que se poderán ir sumando.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia, en apoio das accións da campaña *#EmerxenciaFeminista* avalada polas organizacións feministas de Galicia, aproba como resolución: Condenar toda forma de violencia contra as mulleres - especialmente os asasinatos machistas-; a normalización da mesma e aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento, así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela”.

Pazo do Parlamento, 03 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porritt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 04/09/2019 12:30:09

María Dolores Toja Suárez na data 04/09/2019 12:30:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2019 12:30:42

María Teresa Porritt Lueiro na data 04/09/2019 12:30:53





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55035
Data envío: 04/09/2019 14:06:29.565

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2019 12:31:07

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Luisa Pierres López, Luis Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 15 de xullo de 2019, a alcaldía do Concello de Viveiro deu traslado ó Instituto Galego de Vivenda e Solo do informe técnico sobre o estado de varias edificacións sitas na intersección das rúas Rosalía de Castro con Fernández Victorio, titularidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Trátase de tres vivendas unifamiliares, particularmente a n.º 17 da Rúa Rosalía de Castro, e a n15 e s/n da Fernández Vitorio. Esta información xa fora reiterada previamente e en diversas ocasións directamente coa Delegación en Lugo do IGVS.

No informe remitido ó IGVS pódese constatar como as tres vivendas víronse afectadas polas inclemencias climatolóxicas acontecidas nestes derradeiros invernos, orixinando unha serie de desprendementos do revestimento de fachada sobre o vial público que alarmaron á veciñanza. A este suceso, hai que engadir o feito de que no interior da parcela existe vexetación que a día de hoxe esténdese polas fachadas e invade a rúa Fernández Victorio.

Estas vivendas, a día de hoxe, ven como a súa situación vese agravada pola inacción por parte do IGVS . Ante a inminente chegada do inverno, esta situación previsiblemente empeorará co conseguinte risco a terceiros.

As labores que se fan precisas para a emenda das deficiencias advertidas e para o restablecemento das condicións de seguridade e ornato público legalmente esixibles, consisten en:

- Desbroce da vexetación existente nas edificacións incluído a retirada de todo o material resultante.
- Eliminación de vexetación existente nas fachadas.



- Retirada do revestimento de fachada con risco de desprendemento.
- Saneado das fachadas das edificacións.

Cabe sinalar que estes inmobles están regulados pola Ordenanza 1.3 de solo urbano do casco antigo de Viveiro. As condicións de edificación e a regulación de usos son, polo tanto, as recollidas na normativa do documento do “Plan Especial de Protección e de Reforma Interior do casco antigo”. O plan Especial pronúnciase ó respecto dos deberes legais de uso, conservación e rehabilitación no seu apartado 7 (Deberes de uso, conservación e rehabilitación), nos seguintes termos: “Os propietarios dos terreos e construcións deberán destinalos, efectivamente, ó uso, en cada caso, establecido polo PEPRI e mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público. Quedarán suxeitos, igualmente ó cumprimento das normas sobre protección ambiental, patrimonial e arqueolóxica aquí contidos”.

O pasado 2 de maio de 2019 aprobouse a Lei 1/2019 do 22 de abril de 2019, de rehabilitación e rexeneración urbanas de Galicia, documento que ten como obxecto regular a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e a renovación urbana con especial atención na conservación e a mellora, entre outros, dos conxuntos históricos galegos.

Parece que esta sería unha boa oportunidade para “tomar nota” e comezar por ocuparse do patrimonio edificatorio propiedade da Xunta de Galicia.

E máis alá da emerxente restauración das condicións de seguridade e ornato, urxe tamén o fin último para o que foron adquiridos os inmobles, a súa rehabilitación integral como vivendas de protección pública. Neste sentido é preciso ter en conta as verdadeiras necesidades das familias deste concello, e habilitar vivendas con superficie e dormitorios suficientes para atender a demanda real existente na zona. Neste momento existen 46 familias demandantes de vivenda de protección pública no concello, 44 delas en réxime de aluguer e desas 11 especificamente en ámbito do casco histórico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que desde o Instituto Galego de Vivenda e Solo se afronten coa máxima urxencia:

- As actuacións necesarias para o restablecemento das condicións de seguridade e ornato público legalmente esixibles, nas vivendas sitas na Rúa Rosalía de Castro 17 e Fernández Victorio 15 e s/n no concello de Viveiro.
- A rehabilitación prioritaria das vivendas con destino ó aluguer, tal e como se tiña previsto, e contemplando unidades de vivenda coa superficie e dormitorios suficientes para atender as demandas reais das familias dese concello.”

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 04/09/2019 12:33:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 12:36:56

Patricia Otero Rodríguez na data 04/09/2019 12:37:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2019 12:37:25



Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Teresa Porritt Lueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A máxima preocupación das persoas, das familias en Galicia é **o emprego**. A cantidade e tamén a súa calidade.

Temos **as xeracións máis competentes da nosa historia**. As persoas esfórzanse para formarse, completan unha FP ou cursan un grao universitario e logo un mestrado –os que poden-. Ou acreditan doutros xeitos a súa profesionalización. O noso nivel sube, e debemos tender a que o faga aínda máis, porque é unha garantía de futuro.

¿E logo que? A dedicación e o esforzo chocan coa crúa realidade do mercado laboral. **Algúns**, os menos, teñen unha entrada prometedora no mercado laboral, con **estabilidade e bos salarios**. **Outros marchan**, seguramente os mais ousados, preparados ou con recursos. **E a maioría vense condenados á precariedade e á salarios demasiado baixos**. A ir dando tombos de contrato en contrato, nunha inestabilidade asfixiante, con ingresos que permiten dificilmente chegar a fin de mes, axudados por familiares ou pensionistas, sentindo que o seu esforzo e a súa formación non son adecuadamente recompensados. No último ano, de case 1 millóns de contratos en Galicia houbo mais de 900 mil contratos temporais.

Na recuperación **o emprego temporal medra a un ritmo tres veces superior ao indefinido**. Para as mulleres, peor. Para os menores de 30 anos practicamente **todo o emprego** creado nestes últimos anos **é temporal**. **Todo o emprego público creado desde 2014 é temporal**. De novo, **todo o emprego**. E isto si que depende directamente das políticas da Xunta de Galicia.



O Goberno galego ten que rectificar as súas políticas neste campo. Creamos **demasiado pouco emprego (un 8 % desde o segundo trimestre de 2013 ao segundo de 2019, cando en España as cifras máis que duplican a estas).**

A ocupación que se xera **non cumpre as condicións mínimas** de estabilidade e suficiencia salarial. Non ofrece boas oportunidades. **Condena á mocidade no presente e sacrifica o futuro**, porque o que sucede ao inicio condiciona toda a traxectoria laboral. E o **sector público autonómico compórtase aínda peor**. En vez de corrixir a tendencia á precariedade, agudízase.

¿Como imos pedirlle á mocidade compromiso co futuro (formativo, social, político) se non lle ofrecemos un presente digno?

¿Como vai a Xunta de Galicia ter autoridade moral para dirixirse aos axentes privados para que combatan a precariedade se é un mal exemplo no sector público autonómico?

O cambio de políticas públicas é urxente. Na Administración da Comunidade Autónoma para ofrecer oportunidades satisfactorias á nosa mocidade. Nas políticas de emprego, para incidir en salarios e condicións laborais en favor dunha remuneración suficiente e unhas condicións dignas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar a inclusión na contratación pública de servizos ou obras **Cláusulas Sociais que contemplan condicións laborais dignas, mediante o diálogo social.**
2. **Impulsar un Plan de Choque para o Emprego Xuvenil** que colabore e complemente, tamén desde a perspectiva orzamentaria, as iniciativas do Goberno de España.
3. Impulsar un **Plan Retorna** e un **Plan de Atracción do Talento.**



4. Revisar as políticas de emprego na súa integridade para facelas mais eficaces, tanto no seu deseño como nas estruturas precisas para a súa posta en práctica.

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Teresa Porritt Lueiro
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2019 13:06:48

María Teresa Porritt Lueiro na data 04/09/2019 13:07:01



Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Teresa Porritt Lueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia vén experimentando unha taxa de expansión do seu produto nos últimos anos que en media iguala á do conxunto de España. Pola contra a creación de emprego vén experimentando un ritmo que é aproximadamente a metade do español. Como resultado a produtividade do traballo en Galicia converxe coa española pero ao tempo perdemos base humana, en termos comparados, e producimos menos oportunidades de emprego á mocidade que se incorpora ao mercado laboral.

Converxemos en renda por habitante e en produtividade pero experimentamos unha atonía demográfica que nos fai perder peso no conxunto de España e nos aboca a un futuro dunha sociedade demograficamente regresiva, cunha estrutura da poboación cada vez máis avellentada, cun número elevado de persoas dependentes gravitando sobre unha base ocupacional limitada.

A solución está en impulsar a formación de capital (privado e público), ben sexa procedente do exterior ben sexa a que ten lugar desde Galicia. Sen embargo observamos o seguinte:

- En investimentos externos estamos moi por baixo do que nos correspondería por dimensión humana ou económica. Normalmente, no 1 % de España.
- En investimento propio, non é só que esteamos un 40 % por baixo da formación de capital que en 2008. E que na época de Fraga investíanse 6 de cada 10 euros de ganancias e rendas mixtas. Na de Touriño, 7 de cada 10. Desde que é presidente Alberto Núñez Feijóo só 4 de cada 10. ¿Imaxínanse que impulso fenomenal daríamos ao investimento e ao emprego se fósemos quen de igualar a ratio de investimento da época Fraga? (xa non digo a de Touriño) ¿Cantos proxectos adicionais en



marcha? ¿Cantos mozos e mozas que estarían gañándose a vida e vivindo aquí en vez de seguir exportando cerebros?

Exportamos traballo cualificado, ben formado. Exportamos capital, singularmente a través do sistema financeiro, irrigando economías noutras latitudes. En marzo de 2019, de acordo cos datos do Banco de España mantiñamos 64.725 millóns de euros en depósitos pero só 40.660 millóns en créditos.

A política da Xunta de Galicia, que consideramos fracasada, apostou polos incentivos fiscais e polos cambios na regulación legal. Os resultados son suficientemente elocuentes.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no prazo de tres meses un programa integral de impulso ao investimento en Galicia, que atenda tanto á captación de investimento externo como ao procedente do aforro dos galegos.”

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Teresa Porritt Lueiro
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2019 14:04:26

María Teresa Porritt Lueiro na data 04/09/2019 14:04:38



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 17 de xuño do presente ano, con motivo do Día Mundial da Loita contra a Desertificación do Solo, ADEGA denunciou que en Galicia se perden anualmente preto de 42 millóns de toneladas de solo por mor da erosión, polo que cómpre “adoptar medidas urxentes e efectivas contra esta problemática”.

A asociación ecoloxista subliñou que “o actual contexto de cambio climático” é en gran medida responsable de que o 12% do territorio galego sufra risco de desertización. Outras causas salientables son “os incendios forestais, os monocultivos, a agricultura e a gandería intensiva, as explotacións domésticas, o urbanismo e a ocupación do litoral, a minaría, e en xeral os cambios nos usos de solo”. A todo isto hai que sumar as secas recorrentes e os cambios nas precipitacións.

A situación é dunha inmensa gravidade polo que significan os solos para a biodiversidade do planeta, así como para a produción de alimentos saudábeis e para o almacenaxe e a filtración da auga.

Para afrontar a crise, ADEGA reivindica conservar o bosque autóctono; loitar contra os incendios; fomentar a compostaxe caseira e comunitaria, con modelos porta a porta para o lixo urbano e plantas de compostaxe comarcal; adoptar medidas contundentes contra o cambio climático; e aumentar a protección real e efectiva dos espazos naturais coas figuras legais axeitadas.



É o obvio que a Goberno galego lle queda aínda moito que facer para satisfacer estas demandas. O bosque autóctono mingua cada ano en favor do monocultivo do eucalipto; todos os anos Galicia padece 6.000 incendios, a metade do conxunto do Estado; SOGAMA segue sen apostar por unha xestión sustentable; as medidas contra o cambio climático continúan sendo anecdóticas e propagandísticas; e a lexislación actual é incapaz de protexer da maneira axeitada a contorna natural. Urxe, polo tanto, que a Xunta de Galicia asuma as reivindicacións de ADEGA e aplique políticas que sexan congruentes coas mesmas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Asumir as demandas de ADEGA para loitar contra a desertificación establecendo un plan de acción específico contra esta problemática.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. do Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:



Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 16:25:59

Antón Sánchez García na data 04/09/2019 16:26:06



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

Desde principios deste ano véñense producindo multitude de bloqueos na franxa existente na fronteira entre Marrocos e Mauritania, que impiden o paso de camións españois portadores de peixe, principalmente pescada e palometa, procedente dos caladoiros de Mauritania, e que son capturados por buques españois, con destino a España.

Estes bloqueos son levados a cabo por un grupo de persoas con reivindicacións indefinidas que impiden o paso fronteirizo a decenas de camións, e que están a provocar grandes perdas económicas a varias empresas galegas que ven como podrece o peixe no interior dos remolques, sen poder facer nada. Ao mesmo tempo, prodúcese unha situación de inseguridade para os camioneiros españois retidos no medio do deserto.

Sabemos que a Xunta mantivo xuntanzas con Orpal, principal afectada por estes curtes, á vez que encargou un informe ao catedrático de Dereito Internacional da Universidade da Coruña, José Manuel Sobrino Heredia, que xa foi presentado e recolle a viabilidade de que a UE faga compensacións económicos ante esta situación a través do FEMP, tanto á frota galega como aos camións afectados por este problema fronteirizo. Ao mesmo tempo, o informe do profesor Sobrino afirma que estas axudas deben ser canalizadas dende o Goberno central.

Outras accións da Xunta, nos últimos meses, foi a solicitude de mediación entre Marrocos e Mauritania, así como medidas transitorias e excepcionais, entre elas, a de mudar o porto actual de descarga de peixe por Dakhla, por parte dos buques afectados.

Ante esta situación, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do executivo central a implicación nesta problemática fronteiriza que afecta a empresas pesqueiras e do transporte de pavillón galego que se materialice:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 17:13:20
Nº Rexistro: 55085
Data envío: 04/09/2019 17:13:20.988

- Na canalización de axudas, a través dos fondos FEMP aos prexudicados polos curtes de tráfico na área fronteiriza entre Marrocos e Mauritania.
- Medie ante Marrocos e Mauritania para que se solucione este problema o máis axiña posible, habilitando, de forma transitoria, ao porto de Dakhla como lugar de desembarque das capturas efectuadas no caladoiro mauritano”.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/09/2019 17:01:05

Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2019 17:01:29

María Ángeles García Míguez na data 04/09/2019 17:01:39

Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2019 17:01:57

Martín Fernández Prado na data 04/09/2019 17:02:06

Jaime Castiñeira Broz na data 04/09/2019 17:02:27

Marta Rodríguez Arias na data 04/09/2019 17:03:03

María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2019 17:03:30

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2019 17:03:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGNeRdmblz6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Unha vez máis durante as derradeiras semanas asistimos a aparición de diversas novas que apuntan á venda da plantas de Ferroatlántica. Estas intencións da empresa, lonxe de enmarcarse nalgún proceso de reindustrialización, son actuacións puramente especulativas que poñen en risco o futuro das plantas.

Todo apunta a que a dirección da empresa pretende facer unha segregación encuberta das plantas e as centrais hidroeléctricas, como se desprende do que se coñece das conversas da empresa coa interesada Ithaka.

Esta operación, que sería absolutamente fraudulenta polo interese mostrado pola compradora de explotar e facer negocio coa produción eléctrica, pon en risco a viabilidade das fábricas e do emprego.

Recentemente a corporación do Concello de Cee vén de aprobar unha proposta, que fixo chegar a todos os grupos parlamentarios, amosando a súa preocupación polo impacto económico e no emprego que isto podería supoñer, polo que o noso



grupo traslada a este Parlamento a petición realizada polo concello.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte proposta para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a :

Primeiro.- Amosar o seu firme apoio as traballadoras e traballadores de Ferroatlántica.

Segundo.- Manter as condicións actuais das concesións e de vinculación entre as centrais hidroeléctricas e as fábricas , que serviron para preservar o seu interese público.

Terceiro.- Esixirlle á empresa un plan de viabilidade, conforme coa sentenza de 9 de maio de 1996 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cuarto.- Impedir o cambio de titularidade do complexo industrial e enerxético de Ferroatlántica que poida supoñer ou supoña a súa segregación.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Luca Chao Pérez

Vicevoceiro e deputada do G.P. do Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/09/2019 18:05:44



Luca Chao Pérez na data 04/09/2019 18:05:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia, polo seu emprazamento xeográfico e as súas particularidades físicas, conta con numerosas pontes, mais non todas esas pontes teñen a mesma entidade física nin tampouco a mesma significación histórica. En realidade, sendo poucas as que reúnen estas dúas premisas, unha das máis relevantes é a que supera o río Verdugo e que une as parroquias de Arcade (Concello de Soutomaior) e Pontesampaio (Concello de Pontevedra).

Construída cun aparello de sillería granítica, na súa configuración actual son evidentes intervencións de momentos diferentes, as máis antigas visibles a día de hoxe, dado o tipo de arcos apuntados conservados na súa estrutura, de tempos baixomedievais. Esta intervención, sen dúbida, fíxose sobre ou a partires de fundamentos anteriores, romanos con toda probabilidade, pois o certo é que os miliarios localizados non moi lonxe do monumento invitan a pensar que a súa orixe se data xustamente nesa época. No río, por outro lado, encontrábase o límite, en tempos romanos, entre o Conventus Bracarensis e o Conventus Lucensis e marca -aínda hoxe e dende a Idade Media- a separación entre as dióceses de Tui e Santiago de Compostela, separación que, con toda probabilidade, marcaban as dúas construcións de pedra que hai tempo desapareceron do medio da ponte.

Esta ponte é coñecida, sobre todo, pola batalla dos días 7 e 8 de xuño de 1809, facendo dela un referente imprescindible da nosa cultura, espazo histórico de reivindicación e liberdade. En efecto, as forzas da chamada División do Miño, dirixidas por Morillo, apostáronse na ponte o día 7 de xuño de 1809, co cometido de evitar a reconquista de Pontevedra, Marín e Tui polo exército francés dirixido polo mariscal Ney, quen contaba con preto dos 10000 efectivos. A milicia galega derrubou dous arcos da ponte e rexeitou o ataque francés. O trunfo foi fundamental para a do exército francés do noso país.

Ademais, pola ponte pasan cada ano milleiros de peregrinos que fan o camiño portugués a Santiago de Compostela.

O estado actual da ponte caracterízase polo seguinte: das rochas agroma vexetación case todos os meses do ano, moitas pedras están movidas e desencaixadas,



o pavimento da estrada autonómica que por ela circula está levantado e rachado en moitos dos seus tramos como consecuencia do tráfico que a diario segue a circular por riba e a iluminación roza o ridículo. Ao anterior hai que sumar os desperfectos no seu pretil que case cada ano sofre (en 2013, 2014, 2018, por exemplo), o último o pasado 16 de agosto, cando un condutor descoidado levou por diante varias pedras co seu vehículo. O propio Goberno respondaba en marzo de 2016 que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte é “aceptable”.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, con relación á ponte medieval de Pontesampaio que supera o río Verdugo e que une os concellos de Soutomaior e Pontevedra, ao seguinte:

1º) Adoptar medidas para protexer e impedir un maior deterioro da dita ponte e que sexan acordes ao seu valor estrutural e relevancia histórica e á perpetuación da memoria que a ponte significa.

2º) A tal fin, estudar a posibilidade de restablecer as dúas construcións de pedra que se atopaban na metade da ponte e que, con toda probabilidade, sinalaban a separación entre as dióceses de Tui e Santiago de Compostela.

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2019 18:29:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/09/2019 18:29:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 18:30:08





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 10:16:11
Nº Rexistro: 55103
Data envío: 05/09/2019 10:16:11.160

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2019 18:30:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGNeRdmBiz6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Acollemos con sorpresa a iniciativa a respecto do xabaril e a demanda ao Estado reivindicando unha actuación decidida que poña solución a esta cuestión que está a promover o PP en diferentes comarcas galegas. Así, o PP de Lalín, a través dunha moción presentada para sometela a debate e votación no Pleno Municipal do 30 de agosto, na procura de obter un apoio unánime de tódalas forzas da corporación, argumenta basicamente que a solución á situación do xabaril pasa por demandar ao Estado que lidere as accións para poñer remedio a esta situación. Entre outras novidades, demándalle que declare praga esta especie, que elabore un censo de poboación por CCAA, que determine medidas de xestión, que estableza accións de bioseguridade (entre elas levantar unha valla con Francia), e que coordine ás CCAA neste asunto pois ao seu xuízo semella que non está a facer nada.

Carga o PP de Lalín contra o goberno central pola pasividade neste asunto, máis obvia valorar o papel e responsabilidade que neste eido lle corresponde á Xunta. Do mesmo modo, o 28 de agosto, o PP provincial de Lugo, anuncia semellantes argumentos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

co propósito de levar ao pleno da Deputación de Lugo, pedíndolle ao goberno central unha actuación fronte ao xabaril.

Posteriormente, o 31 de agosto, en Rodeiro, o PP da provincia de Pontevedra, a través do seu presidente provincial, Alfonso Rueda, anuncia que presentarían na Deputación unha moción no mesmo sentido, “reclamar ao Goberno central que deseñe una estratexia común entre administracións para “frear” as consecuencias da proliferación do porco salvaxe nos cultivos e na seguridade vial”.

Unha das demandas principais que realizan é esixir do Estado a declaración da poboación do xabaril coma “PRAGA”, aspecto este que cabe matizar. En virtude da lexislación existente, é a Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal, a que regula o concepto de praga que afecte a cultivos e do procedemento da súa declaración e aplicabilidade.

Para a declaración oficial dunha praga as autoridades competentes deberán verificar a presenza e a importancia da “infestación”, e que no caso do xabaril, partindo que non existe unha información de partida sobre o tamaño poboacional, xa que non se dispoñen de censos, que ata agora negaron, e deberían concorrer outra serie de elementos para elevalo ao nivel de “infestación”. Máis de insistir nesta vía, e se tan claro o ten unha parte do PP de Galiza, non entendemos o motivo polo que non promoven desde o goberno da Xuntas dita declaración, pois o artigo 14, “Actuacións inmediatas e declaración de existencia dunha praga”, nos seus apartados 2) e 3) outorga a posibilidade de que as CCAA poidan declarar pragas dentro do seu territorio.

Cabe recordar que en materia de medio ambiente Galiza ten asumido competencias compartidas, correspondéndolle ao Estado a lexislación básica e á Galiza referidas ao desenvolvemento de normas adicionais, entre elas a que permite adoitar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas propias para a xestión da fauna a través da súa lei de conservación da natureza, así coma a competencia en exclusiva da caza (EAG artigo 27.15). Xa que logo, Galiza conta coa suficiente autonomía normativa para dispoñer de medidas de actuación fronte ao xabaril, sendo ademais quen debe exercer a responsabilidade competencial inmediata neste eido no desenvolvemento das súas atribucións.

Tendo en consideración que por numerosas veces, nos últimos tempos, o BNG ten presentado neste Parlamento, tanto no Pleno coma en Comisións, iniciativas demandando un Acordo para que a Xunta adoitase tódalas medidas ao seu alcance para poñer solución definitiva ó problema suscitado pola sobrepoboación do xabaril, nomeadamente a elaboración e aprobación dun Plan de Xestión da especie incluíndo un censo e un protocolo de bioseguridade, coma medidas principais e eixos sobre os que dispoñer toda a gama de accións necesarias.

Atopándonos coa resistencia do grupo parlamentario do PP e dos cargos da Xunta que compareceron na Cámara a responder a preguntas do BNG, negando calquera posibilidade de adoitar un plan de xestión e elaboración de censos, argumentado que xa a Xunta de Galiza estaba a dispoñer das medidas suficientes para afrontar esta situación.

Pois resulta sorprendente que, agora, estruturas e cargos do seu partido, tanto no ámbito provincial coma local, artellen unha estratexia en paralelo demandando do Estado, o que aquí nin asumen nunha estratexia de eludir responsabilidades, logo de negar reiteradamente o problema.

Unha vez máis mantemos a necesidade de que de inmediato a Xunta asuma as súas responsabilidades e dispoña dun Plan de Xestión da especie, incluíndo a elaboración dun censo poboacional, a súa incidencia por Comarcas, e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protocolarización de tódalas medidas que, por separado ou combinadas, faciliten manexar o tamaño da especie e reducir os danos aos cultivos. Entendemos que unha política exclusiva de batidas non é a solución, coma se constata xa tras varios anos de incremento destes controis, e que incluso pode agravar este problema e inducir máis danos a agricultura e outros sobre a biodiversidade.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Que no exercicio das súas responsabilidades competenciais aprobe de inmediato un Plan de Xestión do xabarl que inclúa un censo da súa poboación, un protocolo de bioseguridade fronte a zoonoses, e o conxunto de medidas para manexar o tamaño da súa poboación e paliar os danos á agricultura, incluíndo a previsión de dispoñer dunha partida orzamentaria anual suficiente para afrontar as perdas económicas causadas.

-Que informe das iniciativas e demandas sobre o xabarl que os representantes da Xunta de Galiza veñen realizando nas últimas reunións celebradas pola Conferencia Estatal Sectorial de Agricultura, na que se veñen coordinando as CCAA e o goberno do Estado, e no grupo de traballo específico creado para este fin.”

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 10:42:37

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 10:42:46

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 10:42:52

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 10:43:00

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 10:43:07

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 10:43:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o emprego de estratexias non letais para o control de fauna silvestre.

Exposición de motivos

A autorización de batidas, en diferentes modalidades, vén sendo a única solución que ofrece a Xunta de Galicia diante das chamadas de atención de gandeiros e agricultores que perden parte do seu traballo por mor da aparición de animais silvestres nos seus espazos de traballo, responsabilizando aos seres vivos dunha problemática moito máis fonda de falta de políticas no rural por parte do executivo autonómico.

Así, resulta habitual que as sociedades de cazadores de cada zona saian declarando as bondades da súa afición, que non é outra cousa que saír aos montes galegos a cazar animais cunha escopeta ou coa axuda de cans que, algúns rematan perdidos, feridos ou mesmo mortos, sen que exista ningún control sobre esta problemática de benestar animal.

Diferentes estudos teñen advertido que a presión da caza exerce un papel de 'rebote' nas poboacións de animais cualificados como "cinexéticos", como o caso do xabaril, do raposo ou dos coellos, contribuindo a un incremento destas poboacións por culpa da excesiva presión á que se somete a estas especies, o que deriva en máis incursións a terreos de aproveitamento agrícola, invasión de vías



de tránsito rodado, co conseguinte risco, e a enésima autorización de novas batidas.

A pobreza argumental dos cazadores é evidente. Non existe ningún traballo científico que avale esta práctica como método de control da poboación de fauna silvestre e moito menos que unha batida poida desenvolver papel algún na redución de danos en colleitas ou en explotacións gandeiras. Non se demostra porque non interesa comezar a xustificar a barbaridade de milleiros de autorizacións de batidas fóra da preceptiva tempada de caza, evidenciando a privatización dos espazos naturais no noso país en beneficio dunha ultraminoría.

O noso campo precisa de políticas valentes, de peso, que contribúan á fixación de poboación, á creación de emprego e a potenciación dos sectores produtivos, que pasa non só por traballar con estas poboacións, senón tamén por reflexionar sobre o papel que os agricultores e agricultoras galegas teñen no sistema de produción, con prezos fixados por grandes corporacións e onde a primeira parte leva o peor resultado.

A ineficacia da caza no control de especies pon sobre a mesa novas propostas e alternativas que se están aplicar en diferentes puntos de España, que destacan pola súa ética e pola necesidade de non ter que masacrar animais. Así, se propoñen accións como os valados, o control das fontes de alimento, a delimitación de zonas a través de recursos olfativos, a introdución de comedeiros forestais, a prohibición absoluta da caza de depredadores, como o lobo e mesmo o control de natalidade con métodos anticonceptivos, como a esterilización.

Varios municipios de Cataluña xa amosaron a súa disposición a testar este tipo de métodos éticos coa fauna, polo que a Xunta debería comezar a estudar e avaliar a implantación de modelos alternativos á simple autorización de cacerías. Tamén países europeos teñen instalado reflectores nas súas autoestradas e estradas,



reducindo de maneira importante o número de accidentes e avistamentos de corzos e xabarís.

Así, a última ocorrencia da Xunta de autorizar batidas con arqueiros en zonas periurbanas, como o caso máis coñecido de Lugo, e cuns resultados catastróficos a pesares do triunfalismo do goberno, poñen sobre a mesa o ineludible debate sobre en que mans se atopan as potenciais políticas de convivencia coa fauna silvestre, se en persoas expertas ou en lobbies interesados no mantemento de determinadas prácticas cruentas que non amosan un aval científico claro e que non superarían unha revisión por parte de profesionais.

Outro exemplo vén da Deputación de Barcelona, xunto coa Generalitat, que desenvolveu unha guía pioneira en todo o Estado español na que se ofrecen diferentes medidas preventivas para a presenza de fauna urbana, e que foi elaborada por expertos en bioloxía e enxeñería de montes, non por escopeteiros sen competencias científicas.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

- Estudar e avaliar métodos 'non letais' de control de fauna silvestre baixo criterios científicos e sociais.
- Implantar os métodos 'non letais' como proba en concellos galegos onde exista a irrupción de fauna silvestre nos entornos urbanos e periurbanos.



- Estender a instalación dos chamados reflectores 'reflectores azuis' nas estradas, autovías e autoestradas galegas para previr accidentes coa fauna silvestre.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Vicevoceiro e deputado do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/09/2019 11:13:14

Antón Sánchez García na data 05/09/2019 11:13:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demora no remate das obras de reforma do IES Ramón Cabanillas en Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a representación sindical da CIG-Autonómica do persoal laboral que traballa en residencias de maiores, centros de atención a persoas dependentes e centros de menores consideramos que o PARLAMENTO DE GALIZA é o lugar onde a conselleira responsable desta xestión, Fabiola García Martínez, debe dar explicacións desta situación. É insostible alongar no tempo durante tantos anos a necesaria ampliación do cadro de persoal que fai que xunto coa falla de cobertura de ausencias e contratacións “a dedo”, a Xunta de Galiza está a deteriorar gravemente a prestación dos servizos públicos e a incidir moi negativamente na seguridade e saúde do persoal.

Por todo o anterior reiteramos a solicitude de comparecencia por ía de urxencia á Conselleira de Política Social no Parlamento Galego para explicar a que se deben os numerosos recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal de acordo a un dimensionamento en base a rateos xustas segundo centros e persoas usuarias, que non comprometan a seguridade e saúde do persoal traballador en Política Social, que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galiza.”

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propia a demanda que realiza CIG-Autonómica e por esa razón presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Que @s máximos responsábeis da Consellaría de Política Social, a empezar pola Conselleira, comparezan no Parlamento Galego para dar explicacións sobre a situación do persoal que presta servizos nas Residencias dependentes da Consellaría.

2.- Proceder ao dimensionamento preciso dos cadros de persoal, de xeito que as rateos se adapten tanto ao número como as novas tipoloxías de usuari@s e deixen de comprometer a seguridade e saúde do persoal traballador e a calidade asistencial que se presta.

3.- Comprometerse a incluír no orzamento da Xunta para o ano 2020 as partidas orzamentarias precisas para este fin.

4.- Eliminar a suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 12:35:12

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 12:35:25

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 12:35:33

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 12:35:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 12:35:50

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 12:35:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o edificio do Cuartel de San Fernando e a construción do Museo galaico-romano na cidade de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Lugo leva agardando máis dunha década pola creación dun museo dedicado ao estudo e divulgación do proceso de romanización que tivo lugar en Galiza.

É indiscutíbel o lugar que Lugo ocupa nese momento histórico e proba diso son, non só a Muralla Patrimonio da Humanidade, senón tamén os innumerábeis restos arqueolóxicos que nela se atopan.

A idea de que a cidade de Lugo acollese o futuro Museo da romanización ou galaico-romano, non é nova. De facto remóntase ao ano 2002, co Partido Popular de Fraga á fronte do goberno da Xunta e a petición do Goberno municipal.

A proposta foi mudando co tempo. Inicialmente estaba prevista a súa localización en Magoi, porén, distintas circunstancias e o feito de que o Concello de Lugo adquirise a titularidade do antigo Cuartel de San Fernando en 2003, foron inclinando o proxecto cara á esta ubicación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, en 2008, a Xunta de Galiza –a través de distintas áreas do goberno-- e o Concello de Lugo asinaron un protocolo para impulsar a creación do museo. Un ano despois, o edificio do Cuartel de San Fernando foi declarado Ben de Interese Cultural, coa categoría de monumento, ao tratarse, entre outras cuestión, dunha extraordinaria mostra da arquitectura neoclásica que mantén –non sen dificultades-- a súa estrutura orixinal que data de 1779.

O compromiso de que Museo galaico-romano fose creado en Lugo continuou nos seguintes anos por parte da Xunta de Galiza. Así en 2010, sendo conselleiro de Cultura Roberto Varela, tivo lugar a convocatoria dun concurso de ideas para a rehabilitación do antigo cuartel –gravemente deteriorado-- e en xaneiro de 2012 a publicación no Diario Oficial de Galiza do contrato para o proxecto básico, cun orzamento de 221.607 euros.

En sede parlamentaria o daquela director xeral de Patrimonio, José Manuel Rey Pichel, comprometéase de novo á creación do Centro de interpretación e Museo da Romanización de Lugo que calificaba como “fito cultural” e “espazo de coñecemento e encontro público a servizo da cidadanía”.

A Xunta asumía daquela a súa titularidade en cuxa cesión por parte do Concello, dicía, estaban a traballar. Expresábo da seguinte maneira o propio director xeral de Patrimonio, afirmando que o Museo en San Fernando pasaría a facer “parte fundamental deste ambicioso conxunto de infraestruturas culturais que é a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico, un instrumento organizativo creado pola Consellaría de Cultura e Turismo que pretende fomentar a difusión, conservación e investigación do patrimonio arqueolóxico” de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A partir dese momento, o Partido Popular comezou a incumprir as súas promesas e compromisos coa cidade e a veciñanza de Lugo. Abandonou o proxecto en 2013 augumentando as dificultades económicas do executivo e afirmando que a propiedade do edificio é municipal.

Até o conselleiro do ramo, na altura de 2018 xa Román Rodríguez, negaba publicamente que a proposta de creación do Museo da Romanización fose unha demanda social. Algo absolutamente falso, toda vez que non só a veciñanza, senón importantes nomes da arqueoloxía, historia e da arquitectura en Lugo e Galiza, teñen amosado pública e notoriamente a importancia que para a cidade e o país ten a creación deste museo.

Hai máis dunha década que existe consenso arredor do Museo galaico-romano e da importancia de que este espazo represente, no céntrico Cuartel de San Fernando, un lugar de estudo, interpretación, coñecemento, divulgación e difusión da nosa historia; tecendo sinerxias con outros proxectos e lugares de Galiza e fóra dela, aos que o noso pasado nos une.

Para o BNG o proxecto do Museo galaico-romano debe materializarse, ademais de polo xa expresado, para recuperar, rehabilitar e abrir á veciñanza e ao conxunto da sociedade o propio Cuartel de San Fernando, lembremos BIC, converténdoo nun espazo de dinamización cultural, social e económica para a cidade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir, coa maior celeridade, un proceso de diálogo co Concello de Lugo para que :

1. O edificio do antigo Cuartel de San Fernando, en Lugo, se destine ao Museo arqueolóxico galaico-romano.

2. A Xunta de Galiza asuma os seus compromisos adquiridos, a xestión do edificio do antigo Cuartel de San Fernando e a creación do Museo galaico-romano.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 13:31:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 13:32:03

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 13:32:10

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 13:32:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 13:32:28

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 13:32:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a vulneración dos dereitos lingüísticos das galegas e galegos no Certame Arquímedes convocado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e as medidas que debe adoptar ao respecto a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno español convoca anualmente o Certame Universitario Arquímedes que vai xa pola súa XVIII edición. Trátase dunha convocatoria dirixida a “fomentar a investigación científica entre os estudantes universitarios premiando os mellores traballos de investigación en todas as áreas de coñecemento levados a cabo polo alumnado de grao e mestrado das universidades do estado, segundo explica o propio Ministerio.

Nas bases e instrucións que regulan o certame sinálase que as persoas solicitantes deberán aportar entre os documentos, segundo os modelos que pon á súa disposición o Goberno español, entre outros:

1. *Un traballo original de investigación que se resumirá en un artigo científico y que deberá ajustarse a los formatos y límites establecidos en las*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instrucciones que aparecerán publicadas en esta página Web. El trabajo de investigación debe estar redactado en castellano.

Esta obriga, que exclúe de facto calquera traballo de investigación realizado nunha lingua oficial que non sexa o castelán, non é nova e atópase en convocatorias anteriores.

O Goberno español vulnera desta maneira os dereitos lingüísticos do estudantado universitario galego que ten dereito en calquera das universidades do SUG, a realizar e defender os seus traballos e estudos na lingua propia do país.

Alén diso, esta discriminación lingüística supón unha pexa, barreira e mesmo un elemento contrario, no proceso de normalización da lingua galega no ámbito universitario quer pola obriga de asumir un duplo esforzo ao alumnado galegofalante exixindo a tradución da súa investigación para poder concorrer ao certame, quer por impedirlle presentar o seu traballo en galego á convocatoria.

Cómpre lembrar que o galego é a lingua propia de Galiza como así recolle o Estatuto de Autonomía de 1981 e que o Estado español subscribiu, entre outros acordos internacionais, a Carta europea de linguas minorizadas que recolle a obriga por parte do Goberno español de facilitar e/ou estimular o uso oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada (artigo 7. d) así como a eliminar toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificadas sobre a práctica dunha lingua rexional ou minoritaria e tendo como obxectivo desestimular ou pór en risco o mantemento ou desenvolvemento da mesma (artigo 7.2)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Goberno galego non pode ficar impasíbel perante esta cuestión e debe, porque así lle corresponde, defender os dereitos lingüísticos das galegas e galegos diante, neste caso, do Goberno español como de calquera institución ou entidade que os vulnere.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para defender os dereitos lingüísticos das galegas e galegos e instar o executivo central a respectalos no Certame Arquímedes e calquera outra convocatoria semellante, garantindo o dereito a concorrer con proxectos, estudos ou investigacións na lingua propia de Galiza.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 13:55:57

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 13:56:03

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 13:56:08

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 13:56:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 13:56:22

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 13:56:29



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en na Comisión 6.^a**, sobre a situación da planta de aluminio de Alcoa de San Cibrao

Exposición de motivos

O pasado mes de Agosto a dirección da planta de aluminio de Alcoa en San Cibrao anunciou un novo recorte da produción que suporá a rebaixa total do 11,25% da súa actividade e a parada de 32 das 512 cubas de electrolise.

Cómpre ter en conta que a planta de San Cibrao é o principal motor económico da Mariña Lucense e un dos máis importantes de Galicia. Conta na actualidade con 1100 persoas empregadas e unhas 400 empresas auxiliares. E é, ademais, a única instalación que mantén a produción de aluminio primario no Estado.

Un dos principais problemas que afronta a fábrica é a de moita da industria do noso país, o elevado prezo da enerxía que, nalgún caso, supón ata o 50% dos costes de produción. Unha demanda reiterada por parte dos traballadores e traballadoras da industria deste país, reiterada en campaña electoral pero ignorada unha e outra vez polas administracións competentes

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para debate na Comisión 6^a:



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Constituír unha mesa de negociación con Alcoa e o Comité de Empresa de San Cibrao coa finalidade de atopar unha solución de futuro que garanta a viabilidade da empresa e o mantemento dos postos de traballo e a actividade industrial.
2. Demandar ao Goberno central medidas urxentes para atender as necesidades da industria electointensiva galega.
- 3.- Aprobar de maneira urxente o Real Decreto do Estatuto dos Consumidores Electointensivos.
- 4.- Realizar cambios na regulación da Demanda de interrumpibilidade de xeito que responda unicamente ás necesidades derivadas de seguridade.
- 5.- Realizar cambios na lexislación para o establecemento dunha tarifa regulada de enerxía para uso exclusivo das actividades/industrias electointensivas a través de contratos bilaterais exentos das obrigas recollidas no Art.9 3 do Real Decreto 2019/1997.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/09/2019 14:24:46



José Manuel Lago Peñas na data 05/09/2019 14:24:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre emerxencia climática e apoio á mobilización mundial polo clima do 27 de setembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O vindeiro venres 27 de setembro está convocada unha mobilización mundial en defensa do planeta e para facerlle fronte ás ameazas e riscos derivados da chamada “crise do clima”. Trátase dunha chamada de atención diante do inexorábel “cambio climático” e da incapacidade de organismos internacionais e grandes corporacións para facerlles fronte.

A proba máis evidente desta crise son os recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas: o Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) e a Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES). Estes informes fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto.

Non é tempo pois de “bágoas de crocodilo” nin de declaracións para a galería. É tempo de actuar, e de facelo con determinación. Cómpre aprobar un plan de acción que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vaia ás causas do problema, non que simplemente minimice, atenúe e atrase as súas gravísimas consecuencias.

2. Dada a magnitude e as graves consecuencias que está a ter xa a “emerxencia climática”, consideramos necesario enfrontala desde unha tripla dimensión: a global, a galega e a local.

En primeiro lugar, nunha perspectiva global, cómpre denunciar o interese en poñer o foco de atención nas consecuencias da crise climática (incremento das temperaturas, seca, escaseza de recursos, destrución da biodiversidade, ameazas para a saúde) e non nas súas causas: sistema económico capitalista depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas... Cómpre polo tanto denunciar as consecuencias da actual fase do capitalismo e explicar a crise climática nese contexto, poñendo en relación as agresións ao medio coas desigualdades económicas e sociais e as opresións nacionais e de clase.

En segundo termo, desde unha perspectiva galega é necesario ter en conta o papel de Galiza na economía estatal e mundial como fornecedora de materias primas, mediante o desenvolvemento de actividades extractivas e depredadoras que teñen altos custos ambientais e escasos beneficios sociais e para o país no seu conxunto. En consecuencia, débese situar no centro do debate as consecuencias para o clima, para a saúde, para a cohesión social e territorial e para o benestar colectivo das actividades extractivas de sectores como o enerxético, industrial, forestal, megamineiro, a mobilidade, o ciclo da auga, a xeración e xestión dos residuos, os macrocentros comerciais... defendendo un modelo alternativo que poña o relevo na sustentabilidade, na xustiza social, no equilibrio ambiental e no beneficio colectivo para o noso país.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En terceiro lugar, é necesario considerar como afecta a emerxencia climática no ámbito local e as medidas que poden desenvolver os concellos e deputación, no seu ámbito de competencia, para facerlle fronte a este desafío, mediante a redución da pegada ecolóxica con actuacións no ámbito do urbanismo, a mobilidade, a enerxía, a xestión dos residuos, a xestión do ciclo da auga, ou a aposta por un desenvolvemento económico máis sustentábel e máis xusto que fomente os recursos propios, as cadeas de valor e o comercio de proximidade.

3. O debate sobre a emerxencia climática é un terreo cheo de trampas, cheo de declaracións para a galería, de boas intencións e de posturas cosméticas. Todo o mundo se apunta á moda do verde, do sustentábel, da economía circular, mesmo aqueles gobernos e grandes corporacións que traballan xusto no sentido contrario e que son os principais responsábeis da crise do clima. Por iso precisamos menos declaracións e máis actuacións, menos posturo e máis medidas efectivas para cambiar o rumbo dun mundo que vai camiño da catástrofe.

Polo anteriormente exposto, o G.P. do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento adopta a seguinte proposta de resolución:

1. Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.
2. Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

Asemade, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a poñer en marcha no presente ano as seguintes medidas:

a) Desenvolvemento dun marco legislativo (lei galega contra a crise climática) e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

b) Creación un comité ou gabinete de crise fronte á emerxencia climática. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións coa máxima participación social, co apoio e asesoramento científico e académico, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

c) Elaboración dun proxecto para a creación da Axencia Galega do Clima e a Meteoroloxía e demanda ao goberno central de todas as competencias nesta materia.

d) Proposta de acordo coa FEGAMP para o desenvolvemento por parte das entidades locais das seguintes liñas de actuación:

- Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.

- Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinja ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.

- Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amábeis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.

- Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes

- Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsábel e a reutilización dos recursos.

- Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.

- Potenciación dos espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulso de iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 16:46:28

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 16:46:34

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 16:46:42

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 16:47:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 16:47:06

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 16:47:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unhas das manifestacións do cambio climático é o cambio do réxime de precipitacións, o incremento das temperaturas e o intensificación dos períodos de seca. Coa actual evolución, a previsión é que Galiza sufra nos próximos anos unha drástica restrición dos recursos hídricos, fundamentais para o abastecemento humano e para as actividades económicas.

A preservación, boa xestión e garantía dos recursos hídricos é unha prioridade colectiva, unha cuestión principal para axenda do goberno do país, polo que a Xunta de Galiza debe actuar de maneira global para combater as causas e os efectos da crise do clima así como para garantir os recursos hídricos necesarios para o abastecemento á poboación, a biodiversidade e o desenvolvemento de actividades produtivas sustentábeis.

A Xunta de Galiza conta con competencias en materia de Augas, tanto no que ten que ver co abastecemento como co saneamento. Tanto a lei de augas como a normativa que a desenvolve fixan obxectivos e medidas a desenvolver por parte da





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración autonómica que deben ser unha prioridade nun contexto como actual cheo de ameazas e de riscos.

Por outra parte, as actuacións do goberno galego deben desenvolverse con criterios de transparencia, de participación e procurando tanto a cooperación como a máxima participación social e institucional. Neste sentido, é fundamental contar coas entidades locais, coas asociacións de consumo, coas entidades comunitarias de xestión de augas, coas entidades ecoloxistas e cos sectores produtivos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

1. Crear unha mesa de cooperación e participación arredor da preservación e bo uso dos recursos hídricos, coa participación de todos os axentes sociais, institucionais e económicos relacionados con este ámbito.
2. Dar cumprimento ás medidas incluídas no Pacto Local da Auga, especialmente as referidas á definición dunha estrutura tarifaria homoxénea e de referencia para os servizos do ciclo urbano da auga en Galicia, e á aprobación dos criterios para o financiamento de investimentos de infraestruturas hidráulicas
3. Garantir que o reparto de fondos públicos xestionados pola Xunta de Galiza e destinados a obras de xestión do ciclo da auga se fagan con criterios de transparencia, obxectividade e concorrência pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Constituír no prazo máximo de 6 meses o Consello para o uso sustentábel da auga, previsto na Lei de Augas de Galiza e elaborar un documento de directrices e boas prácticas sobre o uso racional, eficiente e sustentábel dos recursos hídricos.

5. Iniciar a elaboración do Plan Galego de Abastecemento e dos Plans Locais de Abastecemento, co obxectivo de que estean rematados no primeiro trimestre de 2020.

6. Definir os criterios xerais, en coherencia cos plans de seca, para a elaboración por parte das entidades locais afectadas dos seus plans de emerxencia.

7. Actualizar o Plan de seca, tendo en conta os efectos máis recentes e os previsíbeis do cambio do clima.

8. Realizar unha auditoría externa dos investimentos do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, así como a avaliación das obras realizadas e das que están pendentes. En función dos resultados da auditoría, proceder á revisión e actualización do Plan.

9. Realizar un estudo sobre o impacto das actividades económicas e dos asentamentos da poboación na cantidade e na calidade dos recursos hídricos, así como sobre as medidas de minimización destes impactos.

10. Desenvolver medidas de apoio aos concellos, ás mancomunidades, aos sectores produtivos e comunidades de augas que primen a preservación dos acuíferos e das concas fluviais así ás entidades que xestionen sistemas de abastecemento, tratamento e consumo de auga con criterios de aforro, redución, reutilización, eficiencia e calidade. Ademais, elaborar un manual de boas prácticas e un selo de calidade.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 17:13:20

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 17:13:29

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 17:13:41

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 17:13:49

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 17:13:57





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 17:14:05



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

A precariedade no mercado laboral está marcada por moitos factores, que principalmente dende a crise, teñen convertido esa precariedade nunha característica estrutural que non deixa de medrar.

Os factores que interveñen, están principalmente relacionados cunha alta temporalidade, un aumento do traballo a tempo parcial ou dos baixos salarios, todo isto unido tamén ao que está a suceder no traballo por conta propia no que cada vez existen máis persoas que se ven obrigadas a ser autónomas e que moitas están nunha situación de falsos autónomos, igual que acontece co fraude nas prácticas. Ademais, a falta de oportunidades no mercado de traballo con parados de longa duración e persoas que deben emigrar na procura dun posto de traballo, van sumando caras ao prisma da precariedade no noso mercado laboral.

Por poñer varios exemplos, a taxa de temporalidade está xa en máis dun 27%, e a de parcialidade, si antes da recesión era dun 11%, no ano 2016 estaba xa nun 15%. Estas situacións xunto coa inestabilidade no posto de traballo, teñen un impacto directo nos salarios, provocando o que xa é coñecido como traballadores pobres.

Evidentemente, o incremento e a consolidación da precariedade no mercado de traballo, ten relación directa coas últimas reformas laborais que afectaron de cheo



aos dereitos das traballadoras e traballadores abaratando os despedidos, fomentando a temporalidade e deixando practicamente anulada a negociación colectiva.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes medidas:

- Dirixirse ao Goberno do Estado para que proceda á derogación das últimas reformas laborais.
- Presentar un Plan Estratéxico de estabilidade no emprego, con datas de execución e medios necesarios, encamiñado a reducir a taxa de temporalidade ata un 15% en tres anos.
- Impulsar un Acordo polo Emprego de Calidade, coa participación de todos os niveis de goberno con competencia na materia, dos empresarios e das Organizacións Sindicais, que asuma o obxectivo de reducir o paro ata un 8% con emprego de calidade, con especial atención á situación da xuventude e das mulleres e establecendo medidas orzamentarias que o respalden.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/09/2019 17:01:20

José Manuel Lago Peñas na data 05/09/2019 17:01:34



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

A precariedade no mercado laboral está marcada por moitos factores, que principalmente dende a crise teñen convertido esa precariedade nunha característica estrutural que non deixa de medrar.

Os fraudes na contratación inflúen directamente nesa precariedade e van dende o abuso da temporalidade ata directamente evitar todo tipo de contratación, obrigando a un traballador por conta allea, ter que converterse nun falso autónomo, evitando a contratación do mesmo e producindo unha auténtica fraude á Seguridade Social, así como unha aniquilación dos dereitos laborais do propio traballador.

O aumento das chamada economía das plataformas e o emprego de plataformas *online*, puxo en evidencia estas prácticas empresariais ilegais, que xa teñen sido condenadas por varias sentencias. Unha situación que afecta principalmente a traballos non cualificados, pero que tamén está latente en traballos cualificado.

O coste que leva por diante os dereitos laborais das traballadoras e traballadores que se atopan nesta situación de fraude de lei, provoca que cada vez se teña máis consolidado o concepto de “traballador pobre”. Unha situación que non afecta unicamente as condicións laborais ou ao poder adquisitivo si non que tamén ten influencia nas propias pensións.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Grupo Común de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar unha campaña de inspección específica respecto aos falsos autónomos, dotando dos medios e recursos necesarios á Autoridade Laboral, para o correcto funcionamento da mesma.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Manuel Lago Peñas

Deputada e Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/09/2019 17:00:11

José Manuel Lago Peñas na data 05/09/2019 17:00:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a recuperación do programa de préstamo universal de libros de texto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular suprimiu en 2009 o préstamo universal de libros implantado en 2005 polo Goberno bipartito. Un duro golpe para as familias traballadoras galegas que viron desaparecer un servizo fundamental que reducía notabelmente o custe que cada ano deben asumir ao inicio do curso escolar. Facíao, ademais, nun momento de crise económica que se ben comezada tería –como todas lembramos– durísimas consecuencias para as traballadoras e traballadores do noso país, non só en termos económicos.

Os argumentos da Xunta para xustificar a supresión do programa mesturaban nunha suposta redución de custes coa defensa de “bibliotecas familiares” inzadas de libros de texto escolares.

A liña de axudas pola que foi substituído, que non cubren o custe total dos manuais, resultou máis cara e apenas un par de anos despois de se implantar xa superaba nun millón de euros o investimento do último ano do préstamo universal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En maio de 2015 e despois de desprezar, suprimir rexeitar, entre outras, iniciativas do Grupo parlamentario do BNG para a restitución do programa de préstamo universal, o Partido Popular –nunha sorte de autoemenda parcial-- instou a creación do denominado Fondo solidario de libros de texto que, sen o carácter universal do implantado en 2005, recuperou parcialmente o préstamo de manuais nos centros.

Para o Bloque Nacionalista Galego o préstamo universal de libros de texto garante un sistema máis xusto cubrindo o acceso aos manuais de todas as familias con fillas e fillos en idade escolar.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a restituír o programa de préstamo universal de libros de texto.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 17:33:18

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 17:33:26

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 17:33:32

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 17:33:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 17:33:45

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 17:33:52



Á Mesa do Parlamento

Os **grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia urxente da Conselleira de Política Social en Pleno**, para dar conta da situación das Residencias de Maiores da Xunta de Galicia e explicar os recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín M. Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Luis Villares Naveira

Portavoz do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2019 10:56:18

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 10:59:11



Luis Villares Naveira na data 05/09/2019 11:22:34



O Grupo Parlamentario Mixto, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o Grupo Parlamentario de En Marea, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través dos seus portavoces, ao abeiro do disposto nos artigos 44, 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicitan a seguinte Comparecencia na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes:

Comparecencia dos membros do grupo de expertos para que, a través do seu coordinador, expoñan o Informe elaborado sobre incendios forestais conforme o disposto na recomendación número 60 do ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal e poidan responder, no seu caso, as cuestións formuladas polos grupos parlamentarios.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/09/2019 13:40:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/09/2019 13:43:01

José Manuel Lago Peñas na data 03/09/2019 13:45:19

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2019 13:47:36

Luis Villares Naveira na data 03/09/2019 13:49:57



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

